

Necesidade.

Roland Barthes dicía que "necesidade" é unha palabra de uso común, daquelas ás que se solicita e das que se obtén todo o que se quere.

Identificar "necesidades" sempre significa poder valoralas, aínda que as cargas emocionais poidan moitas veces deturpar a súa visibilización. O concepto de "necesidade", na socioloxía, ten dous ámbitos referenciais conectados lóxicamente: a existencia de carencias (que son o que percibimos que falta e o que nos fai sufrir) e as aspiracións (aquelo que pode satisfacernos) O concepto tamén ten a súa importancia en campos como a psicoloxía, a antropoloxía, a economía e a relixión. Non obstante a linguaxe das necesidades é ineludible na política e na súa lexitimidade como práctica. Tamén é materia de reflexión e disquisición filosófica.

O concepto de "necesidade" pasa por ser central nos pensamentos sociais e políticos máis, sen embargo, a conexión entre a necesidade e o dereito, por exemplo, non atopa no plano teórico unha conclusión definitiva, un proceso que non sexa confuso e limite a noción como aplicable en todos os casos de litixio. Hai que entender, asemade, que o concepto ten unha especial forza e impacto como reclamación social.

Os marcos teóricos nos que se discute o concepto de necesidade son a Escola de Budapest (Héller, Marcus, Vajda, Hegedüs, e a súa repercusión europea, en Italia sobre todo: Paci, Rovatti, Jervis), os teóricos franceses da sociedade do consumo como Baudrillard e Granou, a teoría económica e política marxista de fala inglesa (Lebowitz, Hirsch, Cohen, Leiss, Gough, Doyal, O'Connor e o departamento de economía da universidade de York), a filosofía angloamericana de enfoque marxista (Soper, Springborg, Wiggins, Thursz, Vigilante) e os traballos dos anos 70-80 de Habermas.

Algúns discursos ó redor das necesidades.

A noción de "sentido común", coa que ten relación a "necesidade", é a que significa que o "auténticamente necesario" é aquilo do que non podemos privarnos sen sufrimento, dor ou deterioro vital,

aquello do que non se pode carecer De aí deriva a equivalencia entre carencia e necesidade. Pero como dí Bozonnet, a necesidade é unha carencia percibida. Implica isto que é preciso definir os seus valores, finalidades e a existencia dun suxeito que busca reducir a tensión xerada pola carencia. Jervis apunta que na vivencia da carencia hai o vínculo entre necesidade e desexo. Ou como prevía Durkheim dos apetitos humanos, que son insaciáveis e só unha autoridade moral podería frear as necesidades ilimitadas do home.

Galtung dí que o enfoque tradicional por atender as chamadas "necesidades humanas materiais" pospón ad infinitum as necesidades non materiais baixo o pretexto de priorizar as carencias máis urxentes o que, de feito, delonga a situación de dependencia dos máis desfavorecidos. É preciso, segundo Galtung, abordar as condicións que posibilitan o cambio para non facilitar a reprodución da miseria.

Desde a teoría de clases de Marx o criterio é interpretar a necesidade como "o indispensable", tendo en conta a desigualdade social. Como dí Simmel, os pobres o son desde a comparación cos ámbitos de vida da súa comunidade. Amartya Sen afonda na cultura do igualitarismo e di que o igualitarismo que parte da análise da desigualdade debe de rexeitar aquel outro igualitarismo que parte dunha suposta uniformidade orixinaria, baseada no principio de "todas as persoas nacen iguais". Segundo o criterio de desigualdade pódese entender unha dupla consideración das necesidades: a) que a demanda de satisfaccións de necesidades é unha demanda negativa que ten o propósito de eliminar desigualdades arbitrarias e inxustificadas, Esta demanda baséase no dereito á igualdade. Por tanto non é tan importante a carencia, e si máis ben a consideración positiva do que constitue as bases da igualdade e b) non se debe de considerar o acceso dos individuos a determinados produtos, senon o sistema de distribución e exclusión, é dicir, os medios para a satisfacción das necesidades, e as mesmas necesidades, dependen do "contexto social".

Velaí que as necesidades non teñen que ver coa ausencia de bens ou a carencia de servizos que consumir ou acceder. As necesidades poderían ter que ver coas relacións sociais e coa dinámica relacional que constitúe o inconsciente. É dicir, as necesidades non están dadas a priori, senon que nacen e son determinadas por formas concretas de vida. Son necesidades sociais, xa que non hai unha "necesidade", senon "necesidades" e, por outra parte, non hai suxeitos de necesidades, hai relacións entre suxeitos e na medida en que se relacionan pola linguaxe e en comunidade xurden as necesidades.

As necesidades prodúcense conforme homes e mulleres viven as súas relacións sociais, con culturas e esperanzas herdadas e en proceso de cambio, entendendo a propia vivencia desde a do Outro. As necesidades débense entender, xa que logo, como "relación" e como "proceso", ademáis de como "interpretación", nos que as relacións obxectivas dos medios de produción son significativas en canto que establecen antagonismos e xeran conflitos e loitas (que conforman a experiencia social) que definen unha certa lóxica e dan forma ao proceso que recoñece e expresa as necesidades.

Para Baudrillard, non obstante, o home posmoderno (sen natureza, sen tempo e sen historia) redúcese a un produtor-consumidor de mensaxes e o seu xeito de analizar as cuestións que lle afectan pasa a ser en parte a comprensión do xeito no que integra e se integra na reprodución simbólica. É dicir, as necesidades exprésanse ao traveso dun universo simulado e simbólico e expresan unha determinada sociedade.

Así, toda expresión de necesidade pode considerarse, en primeiro lugar, un acto que conleva un recoñecemento normativo nun contexto de relacións, e tamén un xeito de respostar as mensaxes que simulan e constitúen a realidade. Xa que logo, é importante estudar o seu funcionamento coma linguaxe, modo de comunicación e marco normativo (socio-cultural) directamente ligados estes á dinámica complexa do sistema de relacións sociais.

Aristóteles decía que a relación da linguaxe coa realidade non era inmediata: a linguaxe non é un espello de palabras da realidade. A presenza do elemento emotivo-intencional, no sentido de que fundamenta o significado da linguaxe, é fulcral.

A capacidade de simbolizar, de representar/interpretar as nosas necesidades (en Aristóteles, sentimentos, aspiracións,...) é a capacidade humana por excelencia:

*"...aquello polo que existe algo e o seu fin é o mellor, e a autosuficiencia é, á vez, un fin e o mellor... de todo isto é evidente...que o home é por natureza un animal social" (Política 12, 1253 a 9) "...o home é o único animal que ten palabra" (Política 12, 1253 a 10)*

A linguaxe é o mediador que permite establecer as relacións e que convirte ao suxeito nun suxeito colectivo, só con sentido en tanto que usa a linguaxe. Pero, por outra parte, podemos manter que o suxeito falante expresa necesidades, é un ser de necesidades e, por tanto, as necesidades, ao igual que a linguaxe, non son medios ou instrumentos, senon o mundo no que se establece o sentido. Ou sexa que a linguaxe per se non é só unha forma social de apropiación do mundo, dos obxectos, das relacións sociais e do si-mesmo. Sendo a linguaxe ou a comunicación (máis propiamente) unha modalidade estruturada especial que inclúe outra totalidade que comporta a socialización. O feito de expresar as necesidades na linguaxe, quere dicir que as fai súas unha comunidade. Falamos da supralinguaxe, xa que logo de contextos, símbolos establecidos socialmente, imperativos éticos, modelos culturais ou ideolóxicos,... a partir dos que elabóranse, recoñécense e transfórmanse as necesidades.

Estes procesos posúen múltiples aspectos de diferenciación, compromiso, control do que se expresa,... son procesos contradictorios que non se producen sen múltiples riscos: falsas ilusións, erros, falsas solucións a procesos insolubles... a realización da necesidade comporta, por tanto, o recoñecemento colectivo, e a expresión, a demanda, comporta riscos de frustración. Frustración en tanto que alienación das necesidades

que, sendo expresadas, non atopan realización e que poden significar privación, en tanto que fican insatisfeitas.

O contexto, entendido como conxunto dos xogos da linguaxe ou formas de vida que fan significativas conductas, enunciados, necesidades,... pode diferenciar, por outra parte, a pertenza (identificable por sucesos coñecidos pola comunidade) da aspiración á pertenza. É dicir, o que denominaríamos, no primeiro caso, "contexto efectivo" e, no segundo, "contexto intencional". A non concordancia entrambos produce procesos de cambio. As necesidades, logo, son no contexto elementos relacionados que poderíamos clasificar en catro ámbitos que atenden a modificacións (se un deles muda, mudan os demais) Estes ámbitos constituéñse cada un deles en "contextos significativos" para calquera situación de avaliación e así teríamos:

a) O mundo da vida e o sistema normativo.- presenta as necesidades como interpretación dun "nós" que vai máis alá da conciencia dos individuos. Réxese pola dimensión simbólica e a acción comunicativa (interacción e posibilidade do consenso e da estabilidade) O mundo da vida dunha comunidade constitúese pola súa linguaxe, discurso, valores e tradicións de interpretación, entendendo "comunidade" tal como dicía Heller: unha unidade estruturada, organizada, de grupos, que ten unha xerarquía homoxénea, de valores á que pertence o individuo. A necesidade débese ao nacer o individuo no seu seo, ao seren proxectado nela ao nacer, ao promover a comunidade a súa individuación ou proceso de formación da individualidade e, após, a unha elección relativamente autónoma do individuo no seu desenvolvemento social. As necesidades constitúense en relación aos valores, aspiracións colectivas, mitos e límites da racionalidade, a un contexto normativo. Como di Habermas: "temos acceso ás nosas necesidades só baixo interpretacións culturalmente compartidas". Para a análise das necesidades concretas neste ámbito pódese chegar á situación de comunicación ou da interpretación, xa que é diferente unha situación de interpretación caracterizada pola novidade, do que é unha situación claramente recoñecible. Pódense recoñecer moitos aspectos: intencionalidades,

alternativas, efectos causados,... pero máis importante sería a posibilidade de diferenciar situacións e fenómenos sociais de comunicación e interpretacións como as relixións ou os movementos sociais e políticos.

b) A estrutura de clases e da diferenza.- presenta as necesidades no marco ineludible da "desigualdade social". Avaliase desde a interacción social e a posibilidade de conflito ou cambio. Habermas apunta ao respecto: "a división dunha sociedade en clases socioeconómicas repousa nunha específica distribución entre os grupos, das forzas (medios) de produción que resultan relevantes en cada caso"

c) A organización do poder e o sistema orgánico no que se produce a situación de comunicación ou interpretación.- presenta as necesidades nun marco de diferenciación sistémica dunha sociedade. Baixo o concepto de estruturas sociais atópanse os ámbitos rexidos por regras estratéxicas e medios materiais: sistema económico, sistema político-administrativo e sistema normativo (facendo un simil co esquema de Offe dos subsistemas do estado capitalista). Ditos ámbitos son produto da diferenciación sistémica que permite afrontar dun xeito máis ou menos eficaz as tarefas de produción e organización materiais dunha sociedade complexa, baixo unha racionalidade instrumental-estratéxica.

d) O tempo e os cambios dos contextos a), b) e c).- presentas as necesidades nunha perspectiva dinámica que vai máis alá da "presenza". As variables temporais (pasado, presente, futuro) aparecen en calquera formulación de necesidade, que pode ser diferente en cada tempo e pode ou non ter relación consciente a unha coa outra. Ao respecto a idea de "intertextualidade" de Derrida suxire a inexistencia de necesidades como feitos ou situacións ailladas no tempo.

A teoría contextualista asume dúas herdanzas ao fin: por unha parte a "contradicción", a herdanza das tradicións que pretenden falar do heteroxéneo, do excluído, do que non se inclúe nos discursos hexemónicos pechados; recupera a non-identidade contra as pretensións de xerar identidades ficticias. Doutra parte,

reivindica a herdanza crítica as pretensións da "verdade", para asumir á "pluralidade".

As súas características son a reivindicación dos discursos alternativos e a preocupación polo esquecido, considerando a linguaxe e a Historia como contextos nos que se pode producir o entendemento e a confrontación máis fructífera. Por tanto, non só como instrumentos para o proceso (sexa como expresión-comunicación ou de relacións sociais), senon como procesos en si mesmos.

A superación da metafísica da "presenza" abre a posibilidade de entender as necesidades como textos histórico-sociais e non só como sentimentos ou expresións subxectivas. O histórico remite ao tempo e o social a un "autor" dun "texto" articulado a partires de múltiples asociacións entre necesidades, desexos,... calquera dos elementos dese "texto" pode ser descifrado en relación co complexo de necesidades gracias á linguaxe, remite a unha trama de relacións antes que a obxetos ou formas de vida concretos. A expresión de dito "texto" pode ser expresado verbalmente ou ser escrito, ou pode darse o que se denomina "silencio de necesidades", no sentido de que aqueles que poderían facer demandas, dadas as súas condicións reais de vida, son os que non expresan as súas necesidades. Hai que coñecer as condicións de produción de silencio.

Na interpretación das necesidades e procesos, logo, poderíamos entender que existen prioridades segundo as comunidades. Galtung propón definir os procesos de constitución e expresión (comunicación) de necesidades establecendo "hipóteses de traballo": dez procesos interrelacionados que integran a comprensión das necesidades nunha comprensión máis xeral das relacións e prácticas sociais:

1) Procesos de reprodución da especie.- relativos á continuidade da historia humana. Doyal e Gough falan de "necesidades sociais" en tanto que "precondicións sociais para a realización das necesidades individuais" e inclúen a produción material, a reprodución fructífera, a reprodución biolóxica e o coidado do

nenos e a súa socialización, a comunicación e o sistema de autoridade política.

2) Procesos de produción da existencia.- relativos á continuidade da vida. Implican formas diversas de dependencia social, tais como a división do traballo.

3) Procesos de reprodución da forza de traballo.- relativos ao conxunto dos medios de subsistencia e a súa continuidade tanto histórica, como das relacións entre o home e a natureza ou a súa relación co consumo e a clase social (en tanto que "habitus" que, segundo Bordieu, integraría: a situación de clase, o conxunto de relacións sociais e o sistema de representacións)

4) Procesos de distribución.- relativos á distribución organizada a partir dun sistema normativo, das condicións favorables e os bens e servizos producidos, non só na distribución equitativa no presente, senon tamén coas xeracións futuras.

5) Procesos de creación e mantemento dun entorno ou ambiente favorable para a mesma existencia.- relativos á comprensión instrumental para a vida humana que non se limita ao mantemento dos individuos humanos.

6) Procesos de comunicación, simbolización e abstracción.- relativos ao entendemento, aportan e reciben comunicación congruente do contexto humano-social, pero tamén constitúense sobre o alicerce do desenvolvemento do pensamento abstracto que permitirá acceder a novos significados.

7) Procesos de socialización.- entendidos non só desde a visión relativa á infancia de Doyal e Gough, senon entendidos desde a dependencia do contexto social que se desenvolve ao longo da vida na comunidade. Agrangue as relacións familiares, de participación en grupos diversos, o sistema educativo,...

8) Procesos de regulamentación das relacións interpersoais e entre grupos.- relativos á redución ou control das dinámicas agresivas ou destructivas, así como ao mantemento dos sistemas sociais. Das máis simples formas de control social até as máis complexas



formas de autoridade política, que poden desmitificar a mesma concepción dos procesos de conformación de consenso e da estruturación do Estado.

9) Procesos de constitución da identidade persoal e xeral ou colectiva.- relativos ao recoñecemento externo e ao autorrecoñecemento, é dicir, á identidade individual e á identidade colectiva dunha comunidade. A construción dun "nós" (configuración das necesidades e urxencias e do proxecto de vida sobre os que nos definimos e que construímos de forma narrativa)

10) Procesos de innovación e promoción.- relativos á ruptura, discontinuidade ou insuficiencia que afectan ao complexo das necesidades, expresadas como conflitos ou ficando submetidas a diversas formas de "silencio das necesidades"

Referencias bibliográficas:

Baudrillard, J. (1979) La génesis ideológica de las necesidades. Barcelona: Anagrama.

Bourdieu, P. (1991) El sentido práctico. Madrid: Taurus.

Bozonnet, J.-P. (1984) "Le besoin de nature, une demande sociale pour temps de crise" en Économie et humanisme, nº 280, nov.-dec., pp 21-27

Derrida, J. (1989) Márgenes de la filosofía. Madrid: Cátedra.

Doyal, L. y I. Gough (1991) A theory of human needs. Londres: Macmillan.

Elster, J. (1991) El cemento de la sociedad. Las paradojas del orden social. Barcelona: Gedisa.

Galtung, J. (1980) "The Basic Needs Approach" en Lederer, K. (ed.) Human Needs. Cambridge, MS: Oelgeschlager, Gunn and Hain Publishers.

Habermas, J. (1983) Problemas de legitimación en el capitalismo tardío. Buenos Aires: Amorrortu.

Heller, A. (1990) Más allá de la Justicia. Barcelona: Crítica.

O'Connor, J. (1989) El significado de la crisis. Una introducción teórica. Madrid: Revolución-SAL.

Offe, C. (1992) La sociedad del trabajo. Problemas estructurales y perspectivas de futuro. Madrid: Alianza.

Rorty, R. (1991) Contingencia, ironía y solidaridad. Madrid: Paidós.

Sen. A. (1995) Nuevo examen de la desigualdad. Madrid: Alianza.

Wiggins, D. (1987) Needs, Values, Truth. Bristol: Blackwell.